



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA, E A CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A., PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS ESPECIAIS "DÍGOCHO EU" DEDICADOS Á CIBERSEGURIDADE E OUTRAS ACCIÓNS DESTINADAS Á PROMOCIÓN DA CULTURA DE CIBERSEGURIDADE ENTRE A SOCIEDADE GALEGA.

Antecedentes.

O artigo 9 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, esablece que a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

O obxecto social da Corporación RTVG a prestación do servizo público de comunicación audiovisual nos termos previstos na Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, así como todas aquelas actividades necesarias para o exercicio das súas funcións de servizo público ou que estean relacionadas coa comunicación audiovisual, segundo dispón o artigo 3 dos Estatutos da entidade, aprobados mediante Resolución do 29 de febreiro de 2016, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, pola que se ordena a publicación da modificación dos estatutos da sociedade mercantil pública autonómica "Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.", autorizada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 23 de decembro de 2015.

Razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. produce e emite un formato audiovisual denominado "Dígocho Eu" que ten como principal obxectivo o fomento do uso da lingua





galega. Este formato ten unha especial presenza no entorno dixital, nomeadamente nas redes Tik Tok, Instagram e Youtube. Na actualidade, este formato ten 170.000 seguidores en Tik Tok, 30.000 seguidores en Instagram e 3.000.000 de visualizacións en Youtube.

A AMTEGA ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico. Na súa estrutura incorpora a Área de Infraestruturas e Seguridade, cuxa subárea de Seguridade ten entre as súas competencias a planificación e coordinación das actuacións destinadas a promover a ciberseguridade en todos os ámbitos da actividade económica e social da Comunidade Autónoma.

E necesaria unha comunicación responsable cunha información e difusión veraz de materias relacionadas coa ciberseguridade e a protección dos datos persoais, para intentar conseguir unha mellora e racionalización do consumo dixital e estender unha cultura da ciberseguridade á sociedade galega

Neste sentido, a AMTEGA considera á Corporación RTVG, por razón do seu alto grao de audiencia en Galicia e a súa raizame na sociedade galega, un medio idóneo para impulsar os devanditos aspectos relacionados coa ciberseguridade, e que por este medio considérase de grande importancia revitalizar e impulsar a súa programación en todo o que respecta ao devandito eido, así como a difusión destas temáticas no eido das redes sociais (Twitter, Youtube, TikTok, Instagram, etc.) .

A Corporación RTVG, ten o interese e deber, como servizo público que é, de dar a coñecer e promover entre a súa audiencia a divulgación de programas mediante os que se acaden unha formación integral dos galegos na importancia que ten a ciberseguridade, así como un uso axeitado da tecnoloxía.

Dentro deste mutuo interese, pola Corporación RTVG e AMTEGA, e ao obxecto de procurar de modo conxunto o desenvolvemento das accións necesarias neste interese común, considerase conveniente este convenio de colaboración co obxecto da realización dunha serie de espazos audiovisuais destinados a ser emitidos por canles televisivas, radiofónicas e dixitais emitidos baixo dentro do formato "Digocho eu" e podéndose ampliar o ámbito de emisión a máis espazos, nos que se pode incluír, diaria ou semanalmente, información que a Corporación RTVG ten interese en difundir.

Este Convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración técnica e financeira para a realización dunha serie de contidos audiovisuais sobre a





ciberseguridade e a protección de datos persoais nas canles de televisión, radio e dixitais, contemplando tamén a posibilidade de que algúns deses espazos sexa realizado en directo colaborando nalgún evento de promoción da ciberseguridade organizado pola Amtega.

A Corporación RTVG elaborará, co asesoramento de Amtega, os guións establecidos no clausulado terceiro do convenio, e producirá unha serie de contidos audiovisuais orientados á difusión de materias relacionadas coa temática da ciberseguridade e a protección de datos persoais, así como a extensión dunha cultura de ciberseguridade á sociedade galega, en particular aos máis novos, promovendo un uso seguro das tecnoloxías da información e das comunicacións e en xeral, a transmitir calquera tipo de información e coñecementos considerados de importancia en relación coa a ciberseguridade e a protección de datos persoais.

As actuacións derivadas do convenio teñen un carácter de interese público, porque contribuirán a:

- Información e difusión de materias relacionadas coa temática da ciberseguridade e a protección de datos persoais.
- Extensión dunha cultura de ciberseguridade á sociedade galega, en particular aos máis novos, promovendo un uso seguro das tecnoloxías da información e das comunicacións.
- Transmisión de todo tipo de información e coñecementos considerados de importancia en relación coa a ciberseguridade e a protección de datos persoais.

O orzamento total dos programas establecidos neste convenio ascende a cento catro mil cincocentos setenta e dous euros (104.572 euros).

A Amtega colaborará na realización do obxecto do convenio cunha achega máxima de setenta mil euros (70.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.A1.571A.640.0 dos orzamentos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o ano 2023.

A Corporación RTVG asumirá con cargo aos seus orzamentos propios a diferenza entre a achega económica da Xunta de Galicia e o orzamento total do convenio.

O importe deste contravalor pola prestación que se realiza está fixado utilizando criterios obxectivos adaptados aos que rexen no mercado. A colaboración financeira da Amtega neste convenio non terá o carácter de prezo, senón de achega que se realiza





para compensar ao medio de comunicación dos gastos nos que incorre como consecuencia da elaboración, planificación, posta en marcha e desenvolvemento da campaña obxecto do convenio. Porén, existe unha compensación acorde á actividade esixible ao medio de comunicación, sen marxe comercial de ningún tipo.

As razóns expostas fan que se considere necesaria a subscripción do convenio entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., para a realización de programas especiais "Dígocho Eu" dedicados á Ciberseguridade e outras accións destinadas á promoción da cultura de ciberseguridade entre a sociedade galega.

Santiago de Compostela,

O xerente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
José Luis Somoza Digón

